



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA VINTE E NOVE DE XANEIRO DO ANO DOUS MIL DEZASEIS

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e nove de xaneiro do ano dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do primeiro tenente de presidente, José Ramón Martínez Barbeito (en funcións de presidente por delegación do sr. presidente mediante Resolución 38/2016 do 29 de xaneiro de 2015), coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, réunese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

ALBERTO FUENTES PREGO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑON

Escusan a súa asistencia

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

Asiste como secretario, o secretario da Corporación, Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora da Corporación, Rut Presas Pardo.

Explica o sr. presidente o motivo da ausencia do sr. presidente segundo a Resolución da Alcaldía n° 38/2016, ditada esta mesma mañá.

O sr. presidente procede a dar a benvida á nova interventora da Corporación, Rut Presas Pardo, en comisión de servizos substituíndo ao interventor titular, Eduardo Mera Rico, desexándolle moitos éxitos aquí.

Felicita tamén o sr. presidente aos servizos sociais, particularmente ao Centro de Información á Muller polo premio recibido na loita contra a violencia de xénero.

A continuación o sr. presidente anuncia que procederán a gardar un minuto de silencio, segundo ven





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

sendo costume, en repulsa a toda violencia ás mulleres vítimas de violencia de xénero, indicando o sr. presidente que no que vai de ano 2015 son 8 as vítimas.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

O sr. presidente pregunta si existe algún reparo ou obxección que formular á acta da sesión extraordinaria do 30 de decembro de 2015.

Non sendo formulada ningunha obxección, a acta é sometida a votación, quedando ***aprobada por unanimidade dos membros presentes.***

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE 20/11/2015 A 25/01/2016.-

O secretario da Corporación procede a dar conta ao Pleno da Corporación de que desde a convocatoria da anterior sesión ordinaria do Pleno da Corporación o ata o pasado 25 de xaneiro de 2016 (día anterior á convocatoria da presente sesión plenaria), pola Alcaldía ditáronse as Resolucións nº 887/2015 a nº 30/2016, das que se remitiu relación detallada aos portavoces aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno, quedando o Pleno da Corporación enterado das mesmas.

3.- APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DA LARACHA, INCORPORANDO UN POSTO DE TRABALLO DE ANIMADOR/A CULTURAL.-

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do



Documento firmado digitalmente. CVD: zLxsrfkJidYJPNIHoBv+
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:13 página/s. Página 3 de 13.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Pleno, en relación co presente asunto, onde se deu conta do expediente formado no que consta:

- Providencia da Alcaldía de 28 de outubro de 2015 na que manifesta que “sen prexuízo da legalidade das actuacións administrativas expostas, desde a entrada en vigor da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG n° 82 do 4 de maio)*, e concretamente do artigo 28 da mesma, cómpre reestudiar o asunto xa que, María Carmen Cambón Bello, segundo sentenza da sala do social do TSX de Galicia no recurso de suplicación 2289/2010 que trae causa dos autos 101/2010 do xulgado do social n° 5 da Coruña, foi readmitida “*no seu posto e condicións de traballo*”, o que se produciu o 17 de novembro de 2010, sentenza da que se infire, así como tamén da sentenza do xulgado do social n° 5 da que trae causa, “**o carácter indefinido da relación laboral**”.
- En tanto materia susceptible de información e/ou consulta cos representantes de persoal, déuselle traslado da proposta o 6 de novembro de 2015 (rexistros de saída n° 3407 e 3409), informando o 13 de novembro de 2015 que non teñen nada que obxectar á modificación.
- Informe do secretario da Corporación do 13 de novembro de 2015
- Acordo do Pleno da Corporación en sesión do 20 de novembro de 2015, aprobando inicialmente a modificación da Relación de postos de traballo do Concello da Laracha, acordando incorporar un posto de traballo denominado Animador/a Cultural.
- Anuncio de información pública publicado no BOP n° 230 do 1 de decembro de 2015.
- Escrito de alegacións presentado por María del Carmen Cambón Bello, con DNI n° 76367900B (registro de entrada n° 7887 do 22 de decembro de 2015)
- Informe do secretario da Corporación do 15 de xaneiro de 2016

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, anuncia que vaise a abster tal e como





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

xa fixo na comisión informativa.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, manifesta que votarán a favor pero gustaríalle saber canto custou ao concello esta situación.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, di que votarán a favor o mesmo que fixeron na aprobación inicial, explicando que trátase de repoñer a unha traballadora no seu posto de traballo ao ser indefinida segundo unha sentenza.

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, adopta, **por quince (15) votos a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais do P.P., dos Socialistas de Galicia-PSOE e do BNG** e unha (1) abstención correspondente ao concelleiro do grupo político municipal Mixto, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Comunicar a María del Carmen Cambón Bello, con DNI nº 76367900B, en contestación á súa alegación presentada en relación coa aprobación inicial da modificación da Relación de postos de traballo do Concello da Laracha incorporando un posto de traballo denominado Animador/a Cultural, acordada polo Pleno da Corporación o 20 de novembro de 2015, que:

- A súa relación co concello da Laracha ten a consideración de laboral indefinida e non fixa como manifesta na súa alegación, como sinalaron as sentenzas da sala do social do TSX no recurso de suplicación 2289/2010 que trae causa dos autos 101/2010 do xulgado do social nº 5 da Coruña, e a propia sentenza do xulgado nº 5 da Coruña.
- “O recoñecemento pleno da súa inclusión como animadora cultural” producirase como sinala a propia providencia da Alcaldía da que trae causa este expediente, segundo informe do secretario, unha vez aprobada definitivamente a modificación da RPT, mediante Resolución de Alcaldía de adscrición de María del Carmen Cambón Bello ao novo posto de traballo da RPT.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

SEGUNDO.- Modificar definitivamente a Relación de postos de traballo do Concello da Laracha, no sentido de incorporar un posto de traballo de animador cultural, de conformidade coa valoración e descrición que constan no expediente da RPT do Concello da Laracha, incluído no Departamento de Cultura e Deportes (05), unidade de cultura (05.02) co código 05.02.00.01, tipo de persoal: laboral, grupo: IV, nivel: 16, titulación: graduado en ESO ou equivalente e flexibilidade horaria para asistir a eventos fóra da xornada habitual de traballo.

TERCEIRO.- Publicar a modificación da Relación de postos de traballo no *Boletín Oficial de la Provincia* e remitir unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma no prazo de trinta días.

CUARTO.- Notificar o anterior acordo á persoa que presentou alegacións.

QUINTO.- Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do texto no Boletín Oficial da Provincia.

4.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS.-

O sr. Presidente nesta parte da sesión ordinaria dedicada ao control dos órganos de goberno, pregunta si algún grupo desexa tratar algunha **MOCIÓN** polo procedemento de urxencia, tomando a palabra o grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, quen presenta as seguintes **MOCIÓNS**:

1ª.- Nº REXISTRO 505/2016.-

Eladio Verdía García, portavoz do grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, en relación co Real Decreto 1311/2012 que limita desde o pasado 25 de novembro de 2015 a venda de fitosanitarios para uso profesional a titulares de carné de aplicador-manipulador cunha lista de compostos tan ampla que na





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

práctica será practicamente imposible adquirir ningún produto sen carné, solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Programar para o ano 2016 un plan especial e específico, de xeito inmediato, que dea resposta á demanda de todos os/as alumnos/as que queiran acceder á formación precisa para obter o carné de Manipulador de Produtos Fitosanitarios de Nivel Básico.

2.- Adaptar ese plan ás necesidades e especificidades dos/as alumnos/as facilitando o máximo permitido o acceso a dita formación.

O sr. presidente manifesta que o Real Decreto é do 2012 no que se advertía da necesidade de que o uso de fitosanitarios requirían carné e que segundo conversación coa consellería houbo moitos cursos nos que non se cubriron as prazas e, segundo xestións levadas a cabo polo sr. presidente, na segunda quincena de febreiro haberá un curso na Laracha, que será un dos primeiros deste ano, polo que agardan que todos os interesados do concello se apunten e o fagan aquí.

O sr. Verdía García contesta que o profesional non é o problema senón o agricultor non profesional.

O sr. presidente rebate que tamén hai frascos pequenos e que os envases de máis capacidade xa son para unha produción agrícola.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, manifesta que a necesidade xa se trasladou pero o que non houbo foi información.

Insisten ambos na súa postura, procedendo o sr. presidente a someter a votación a urxencia da moción, obtendo o seguinte resultado: **once (11) votos en contra dos concelleiros do grupo político municipal do PP e cinco (5) a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais do BNG, dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto**, quedando, en consecuencia, **desestimada a mesma**.

1ª.- N° REXISTRO 506/2016.-

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Eladio Verdía García, portavoz do grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, en relación cos primeiros pasos dados para negociar un horario lectivo único no municipio, solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Instar ao xefe territorial a manter unha reunión con todas as ANPAS e que na mesma estean presentes a inspectora de zona , responsables dos comedores e de transporte para estudar a posibilidade de unificar os horarios.

O sr. presidente manifesta que o goberno municipal sempre está disposto a acompañar ás ANPAS e á dirección dos centros a falar con quen competa pero as reunións solicítanas elas e, só se está a pedir que se faga esa votación de quen está a favor e quen non da xornada única.

O sr. Verdía García contesta que xa houbo votación.

O sr. presidente di que non houbo votación oficial.

O sr. Verdía García explica que eles queren que o sr. alcalde lidere ese proceso como en Carballo.

O sr. presidente insiste en que debe lideralo a dirección do centro e que só piden que deixen votar nunha votación oficial aos pais dos alumnos con todas as garantías.

José Alberto Blanco Veiga, concelleiro do grupo político municipal do PP explica que en Caión presentou a proposta a dirección, fíxose a votación e aprobouse sen que ninguén tivera que liderar nada.

Tras breve discusión de cal é en realidade o trasfondo da cuestión, o sr. presidente somete a votación a urxencia da moción, obtendo o seguinte resultado: **once (11) votos en contra dos concelleiros do grupo político municipal do PP e catro (4) a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais do BNG, dos Socialistas de Galicia-PSOE e unha (1) abstención do concelleiro do grupo político municipal Mixto**, quedando, en consecuencia, **desestimada a mesma**.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

A continuación, toma a palabra o grupo municipal do BNG, quen presenta as seguintes **MOCIÓNS**:

1.- Nº REXISTRO 385/2016.-

Carolina Castiñeiras Brandón, concelleira do grupo político municipal do B.N.G., de cara a promover o coñecemento da obra e do compromiso de Rosalía de Castro, principalmente pola súa defensa do galego, con ocasión do cumprimento de 179 anos do seu nacemento o vindeiro 24 de febreiro, solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen á veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover, cando menos, as seguintes accións:

- a) Pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, murais,...
- b) Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en diferentes lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.
- c) Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.

2.- Apoiar todas as iniciativas e mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.

3.- Solicitar da Xunta de Galicia unha mudanza na política lingüística desenvolvida ata o momento, retomar o consenso e promover, nun prazo máximo de seis meses, mudanzas lexislativas substanciais guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

O sr. presidente manifesta que cre que a Rosalía a recoñecen todos os galegos, e na Laracha ten unha rúa dedicada, e que todos sabemos o que significa para a cultura galega. Engade que o concello colabora con todas as asociacións e colexios pero non apoiarán a moción porque son cousas que se están a facer. Explica o sr. presidente que o coñecemento da lingua galega é do 98%, que o falan e escriben correctamente o 93% e que neste salón de plenos, pensa, que o coñecemento da lingua galega é do 100%, polo que aínda que deben seguir facendo actos non ve a urxencia da moción.

A sra. Castiñeiras Brandón contesta que afondar na súa obra non está mal e que os nenos non nacen aprendidos e que a xente maior non tivo oportunidade de estudar.

O sr. presidente rebate que Rosalía de Castro estúdase tanto como parte da literatura galega como da castelá.

A sra. Castiñeiras Brandón sinala en canto ao coñecemento e uso do galego que está en camiño de desaparecer segundo informe do Consello de Europa.

O sr. presidente somete a votación a urxencia da moción, obtendo o seguinte resultado: **once (11) votos en contra dos concelleiros do grupo político municipal do PP e cinco (5) a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais do BNG, dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto**, quedando, en consecuencia, **desestimada a mesma**.

A continuación o grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE. formula o seguinte **ROGO**:

1ª.- N° REXISTRO 557/2016.-

Eladio Verdía García, portavoz do grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, explica que en xaneiro de 2009 o goberno local anunciou o investimento de 77604 euros na redacción dun proxecto para crear a rede wimax que permitiría estender a banda ancha a todas as parroquias do municipio e, dous anos e pico despois aínda non está implantada, polo que solicita que por parte da alcaldía se poña en marcha este proxecto.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

O sr. presidente explica que o que custou eses cartos foi o proxecto, financiado polo goberno bipartito integramente e advertiuse de necesidades de cobertura en todo o concello polo que despois puxemos algúns emisores novos en Montemaior ou A Piña entre outros, diso trataba o estudo, pero aínda quedan puntos con mala cobertura polo que seguiremos afondando neso.

O sr. Verdía García sorpréndese de que todos eses cartos foran só para o estudo, puntualizando o sr. Jesús Souto Pena, concelleiro do grupo político municipal do PP, que desde esa data a Xunta tamén instalou cinco ou seis antenas, iniciando neste momento unha breve discusión sobre a oportunidade deses gastos.

A continuación o grupo político municipal do B.N.G. formula o seguinte **ROGO**:

1º.- Nº REXISTRO 436/2016.-

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do B.N.G., en relación con diversas queixas recibidas de veciños e veciñas de Paiosaco respecto da deficiente iluminación debida a que se manteñen apagados todos os puntos de luz dunha marxe da estrada en pleno centro da vila, solicita que se acendan todos os puntos de luz existentes no centro de Paiosaco, nas dúas marxes da estrada principal, para que haxa unha iluminación suficiente.

O sr. presidente contesta que das distintas auditorías xurdiu que a potencia é limitada e para solicitar un aumento de potencia houbo que facer unha nova inspección por Organismo de Control Autorizado (OCA), e agora falta a segunda inspección para poder poñer en marcha a instalación e dar de alta a nova potencia, pero é certo que é necesario.

2º.- Nº REXISTRO 467/2016.-

Carolina Castiñeiras Brandón, concelleira do grupo político municipal do B.N.G., en relación coas bases de selección urxente para a contratación dunha auxiliar de Centro da Terceira idade, baixo a modalidade de contrato laboral de interinidade recentemente publicadas no BOP e na páxina web do concello da





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Laracha, solicita que de agora en adiante toda a información que se publica no apartado de “avisos” da páxina web do concello da Laracha, se partille ao mesmo tempo nas redes sociais para procurar unha maior difusión da mesma entre a veciñanza.

O sr. presidente contesta que os avisos publícanse practicamente todos nas redes sociais, pero este é un anuncio oficial que se publica na web do concello á que todo o mundo pode ter acceso.

A sra. Castiñeiras Brandón responde que moita xente non entra diariamente á web pero sí ás redes sociais e non custa ningún esforzo nin un só euro partillalo nas redes sociais e pregunta por que uns si e outros non e sobre todo en expedientes de persoal ao que o sr. presidente contesta que consideran que a que é de acceso universal é a web.

A sra. Castiñeiras Brandón insiste en que non se exclúen a web e as redes sociais, intervindo Patricia María Bello Canedo, concelleira do grupo político municipal do PP, para sinalar que nas redes sociais ponse case exclusivamente avisos de cultura e deportes.

De seguido o grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE. formula a seguinte

PREGUNTA:

1º.- N° REXISTRO 509/2016.-

Juan Caamaño Regueira, concelleiro do grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, en relación coas obras de construción dunha praza na parroquia de Soutullo, formula a seguinte pregunta: considera o goberno local que esta praza era necesaria e de ser así cal foi o custe real da mesma?.

O sr. presidente explica que considéranla necesaria o mesmo ca de Cabovilaño e doutras parroquias e, en relación co custe debería sabelo que foi aprobado no Pleno, comezando unha discusión na que o sr. Caamaño Regueira fala da existencia de moitas fontes e prazas con placas e de que saen caras as prazas de aparcamento, rebatendo o sr. presidente que esta praza non ten placa e que si a ven necesaria, tanto esta





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

coma outras.

E non tendo mais asuntos que tratar, o sr. presidente levanta a sesión sendo as catorce horas e dezanove minutos, da que estendo a presente acta, da que, como secretario, dou fe.

Vº e prace

O presidente

O secretario

